



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE MELIDE EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS E AXUDA AOS/ÁS PEREGRINOS/AS

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior é o órgano encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Decreto 235/2012, do 5 de decembro e o Decreto 72/2013, do 25 de abril.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

Que a AVPC coa asinou o convenio de colaboración, conta con medios humanos e materiais coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, adquirida ó longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia, sendo unha entidade necesaria e imprescindible na xestión da prevención, promoción, divulgación, información e socorro no ámbito do Camiño Francés dentro do seu termo municipal.

Para os efectos sinalados, o 19 de agosto de 2016, formalizouse coa AVPC do Concello de Melide o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Finalidade:

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración, dentro do Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a AVPC asinante, para que esta interveña, dentro do seu termo municipal ou de municipios limítrofes que carezan de AVPC, na prevención, promoción, divulgación, información no ámbito do Camiño Francés, contribuíndo deste xeito á concienciación, información e seguridade dos/as peregrinos/as na súa andaina a Santiago de Compostela

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de colaborar con esta agrupación nas seguintes funcións:

- Patrullar polo camiño do seu termo municipal ou o dos concellos limítrofes
- Atender aos/ás peregrinos/as dos distintos camiños xacobeos
- Informar diariamente ao CAE 112 do inicio e peche da actividade na atención dos camiños dando resposta, onde se requira a súa intervención, ás situacións e incidencias ou solicitudes de axuda que demandan os/as camiñantes.
- Colaborar na prevención, apoio e cobertura en grandes eventos e concentracións humanas derivadas de actos que teñan que ver coas peregrinacións.





- Participar, xunto coa administración autonómica, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, colaborando activamente nas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no seu termo municipal por esta AVPC, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do respectivo convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.481.0 e código de proxecto 2015 00106 dos orzamentos do ano 2016, por un importe total de catro mil douscentos oitenta e tres euros con corenta e dous céntimos (4283,42 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación do texto refundido la Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da citada norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2016

O director xeral de Emerxencias e Interior

Luís Menor Pérez

